



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA PARA A ORGANIZACIÓN DO II CURSO DE "CUESTIÓNS DE ACTUALIDADE E RELACIÓNS DE COLABORACIÓN CON AXENTES IMPLICADOS NA DISCIPLINA URBANÍSTICA"**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

**REUNIDOS**

Dunha parte **Dna. Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG n.º 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP;

doutra, **D. Jacobo Hortas García**, director Xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU), nomeado por Decreto 163/2020, de 24 de setembro (DOG n.º 195, do 25 de setembro), actuando en nome e representación da APLU, en virtude das facultades que lle confire o artigo 18.a do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da APLU

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **Convenio de Colaboración**, e

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

**SEGUNDO.-** Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da





Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

**TERCEIRO.-** Que a APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamentos propios, así como de plena autonomía para o cumprimento das súas funcións. Entre os seus fins destaca o de velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Asemade, consonte aos artigos 4.a) e 10 do Plan de Inspección urbanística para os anos 2022-2023 (DOG núm. 43, do 3 de marzo de 2022), a APLU ten a encomenda de mellorar a formación tanto do persoal propio como do persoal dos concellos que integran o propio ente consorcial, ademais da obriga de formar a cantos axentes interveñen no ámbito urbanístico, sexan públicos ou privados, todo elo co fin de conseguir unha mellor utilización racional dos recursos, así como de evitar as situacións ilícitas.

**CUARTO.-** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O obxecto deste convenio entre a EGAP e a APLU é a colaboración para o desenvolvemento conxunto da segunda edición do curso de *"Cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística"*, dirixido preferentemente ao persoal da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da APLU e das demais entidades adscritas a





esta consellería, así como ao persoal técnico e xurídico de concellos adheridos á APLU que desenvolvan funcións relacionadas coa materia do curso.

## **SEGUNDA.- Dereitos e Obrigas**

A EGAP e a APLU, para a organización e a convocatoria das actividades derivadas deste convenio adquiren o compromiso de colaborar na súa organización e desenvolvemento, de acordo co sinalado na estipulación terceira.

## **TERCEIRA.- Actuacións**

1ª A APLU determinará o contido da acción formativa, deseñará o seu programa e seleccionará ao profesorado entre profesionais expertos na materia.

Así mesmo, a APLU financiará a actividade derivada deste convenio, encargándose de sufragar os gastos docentes. O compromiso de gasto asumido pola APLU ascende, como máximo, ás cantidades sinaladas na estipulación quinta.

2ª As actuacións que levará a cabo a EGAP son as seguintes:

- a) Nomear ás persoas que se encargarán de titorizar e xestionar o curso.
- b) Xestionar o proceso de matrícula no curso das persoas previamente seleccionadas e convocadas pola APLU.
- c) Por á disposición a súa plataforma informática para o desenvolvemento do curso.
- d) Expedir o certificado de aptitude do alumnado que supere o curso.
- e) Avaliar as actividades derivadas deste convenio mediante o cuestionario de satisfacción que porá a disposición do alumnado ao remate da acción formativa.
- f) Enviar á APLU a relación das persoas declaradas aptas no curso, así como o resultado global das enquisas de satisfacción deste realizadas polas persoas participantes.

## **CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á





que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e un xefe ou xefa de servizo da mesma que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen; e por parte da APLU, a subdirectora xeral da APLU e un xefe de servizo que designe o director da APLU, ou persoas en quen deleguen.

A Comisión de Seguimento terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control, as seguintes funcións:

1. Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio.
2. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

#### **QUINTA.- Orzamento.**

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio corrente.

- A APLU comprométese a asumir os gastos derivados do convenio, ata un importe máximo de 2.801,15 € (IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 2022-08-82-521A-22606 do orzamento da APLU para o ano 2022, para a realización da segunda edición da acción formativa "*Cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística*", imputable a un único exercicio económico.

#### **SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.





### **SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.**

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e da APLU.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

### **OITAVA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

### **NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Sométese ás demais normas de dereito administrativo que sexan aplicables e, no seu defecto as normas de dereito privado.

Este convenio está excluído da lexislación en materia de contratos do sector público, sen prexuízo de que sexan aplicables os seus principios para a resolución de posibles dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte ao establecido no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto), en especial no que se refire a publicidade deste convenio.





No caso de conflitos estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Sen prexuízo disto, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre o contido e aplicación deste convenio, que non poidan ser resoltas no eido da Comisión Mixta de Seguimento, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdicional do contencioso- administrativo.

#### **DÉCIMA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.**

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes asinantes manifestan que coñecen e que cumprirán as estipulacións relativas á protección de datos persoais establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes adoptarán as medidas de seguridade precisas para que toda persoa que interveña na organización e o desenvolvemento das actividades formativas derivadas deste convenio:

1º Respecten o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste convenio.

2º Se limite na medida do posible o acceso aos datos de carácter persoal.

3º Se traten os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

Así mesmo, as partes asumen a obriga de non ceder os datos de carácter persoal a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

#### **UNDÉCIMA.- Vixencia**

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2022, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas ata un máximo de catro anos, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.





**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**



**APLU** Axencia de Protección  
da Legalidade Urbanística

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscribítese no lugar do encabezamento e na data da sinatura electrónica.

Pola Escola Galega de  
Administración Pública

Pola Axencia de Protección da Legalidade  
Urbanística

Sonia Rodríguez-Campos González

Jacobo Hortas García

